

PEZA DO MES

xaneiro

2018



VASILLAS
ENTERRAMENTO DA LAVANDEIRA

XUNTA DE GALICIA



Vasillas. Enterramento da Lavandeira

21 de marzo de 2006, Mariña Pousa Rodríguez e Mariña Rodríguez Pousa, propietarias dunha leira situada en San Salvador de Vila de Rei (Limia, Ourense), realizando unhas obras para un pozo atoparon dúas vasillas da Idade do Bronce. Tras perforar nove veces sen éxito, na décima conseguen atopar auga, pero con ela e tras profundar uns 3 metros descubriron estas pezas, recuperadas completas, ao estar envolvidas polo propio terrón de terra que as protexía dentro do cazo da pa escavadora. Estas pezas foron gardadas caendo no esquecemento, ata que recentemente, a súa actual propietaria, Mariña as redescubriu e, ao darse conta da súa posible importancia, inmediatamente contactou co Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde as doou con data 15 de setembro de 2017.

A leira localízase a uns 5 m dun pequeno regato, afluente do Limia. Actualmente o seu curso foi desviado uns metros para construír a actual estrada. Máis difícil é concretar as condicións do achado, dado que naquel momento as descubridoras descoñecían a súa entidade. A partir das conversacións recentes con Mariña, podemos dicir que as vasillas apareceron no interior dunha estrutura de pedra, que podería ser un enterramento, da que recuperaron unha laxe plana de granito duns 60 cm de longo, como posible tapa. Con todo, xunto a esa laxe non apareceron outras, senón que había un número abundante de pedras de tamaño diverso (probablemente inferior aos 25 cm) de granito de formas irregulares mesturadas

con cantos de cuarzo de río de tamaños semellantes e lixeiramente inferiores. Inicialmente barallouse que fose unha cista de pequeno tamaño de forma rectangular como as coñecidas na rexión; podemos citar a cista de Praia da Rola, próxima a esta na Baixa Limia ou a de Bicos de Lago en Muros, en ambos os casos foron documentadas pedras de tamaño variable, semellantes ás descritas na Lavandeira. Con todo, cos datos dispoñibles, non podemos demostrar que sexa unha cista, e debemos pensar noutras posibilidades sen descartar un contexto de funerario de carácter individual, pois noutras zonas, un pouco máis ao sur, en Portugal, foron escavadas tumbas construídas con pedras da mesma envergadura que as que temos na Lavandeira, pero baixo túmulo, como é o caso da sepultura 2 de Vale de Ferreiro datada nos séculos XVIII- XV AC (Betterncourt, 2010: 157), aínda que A Lavandeira parece moito máis pequena. Mariña explicou que, xunto ás dúas vasillas, apareceu outra peza de cor case dourada coa forma dunha culler duns 4 ou 5 cm, cun mango dobrado cun remate de dúas bólas semellantes a bugallos. Esta peza, probablemente en cobre, polo momento sen paralelos, está desaparecida na actualidade.

As vasillas recuperadas son unha xerra e un cunco completos, feitos a man, en perfecto estado de conservación.

A xerra posúe unha morfoloxía composta pechada, xa que a súa boca, de beizo redondeado case plano, de 10 cm de diámetro, é de menor diámetro que a zona máis ancha do seu bandullo. O diámetro das paredes do recipiente vaise ampliando lixeiramente a 11 cm perfilando un pescozo curto e apenas esvelto, ata alcanzar o comezo do bandullo, que é a zona máis ampla da xerra (14 cm de diámetro), diminuíndo progresivamente ata un fondo plano de 70 cm de diámetro, é a peza máis alta das dúas, con 15 cm de altura.

Posúe cinco mamelóns decorativos apoiados no bandullo, conformados exercendo presión sobre as paredes para xerar un pequeno avultamento nelas. Posúen un perfil apuntado e unha forma ovalada cunha planta duns 2 cm de lonxitude horizontal e 1'5 cm de anchura e unha distancia entre os 7 e 8 cm. No concello de Verín coñécese a necrópole de fosas da Fraga do Zorro, datada nos séculos XIX-XVII BC, cunha corentena de recipientes nos que se desenvolve de forma moi variada o mamelón nun número infrecuentemente elevado de recipientes (Prieto e Gil, 2011). Esta zona é especialmente rica en xacementos funerarios con vasillas con deseños de cordóns e/ou mamelóns. O cunco liso, pola contra,



posúe unha forma simple aberta, a súa boca tamén de beizo redondeado case plano de 14 cm de diámetro posúe a mesma anchura que as paredes superiores do bandullo, ata a zona media do recipiente que comeza a diminuír ata unha base plana tamén de 70 cm de diámetro. A súa altura é de 10 cm.

As asas en ambos os recipientes son en cinta, de sección plana, perfil en altura semicircular e unha altura interna de 3 cm na xerra e 2,5 cm no cunco. En calquera caso, poden introducirse dous dedos no oco, polo que estarían pensadas para asir desta maneira. En ambos os recipientes enganchan medio centímetro debaixo do bordo e baixan en oblicuo cara á esquerda apoiándose sobre a zona media do bandullo no cunco e sobre a parte superior do bandullo na xerra. Ambos posúen unhas pastas semellantes, ben decantadas, con texturas compactas finas e micas como desgrasantes visibles en superficie de tamaño inferior ao milímetro. O acabado en ambas as pezas é o brunido medio tanto na súa cara externa como na interna, aínda que a aparencia superficial das vasillas é coidada aínda que sen alcanzar o brillo dos brunidos finos. A cor superficial en ambas as pezas é gris negroide no interior e exterior e negro na fractura, polo cal se deduce un ambiente redutor durante todo o proceso de cocción. Dada a homoxeneidade da factura de ambas as pezas, poderíamos pensar que sufriron procesos de cocción semellantes, ou incluso no mesmo forno.

Obsérvanse manchas negroides en ambos os recipientes, resultado do uso ou de procesos de deposición, pois parecen estar a marcar a posición de colocación das vasillas na tumba, apoiadas semitombadas na parte da asa, como se constataron moitos longo bordos horizontais no noroeste ibérico

En xeral, os trazos destas vasillas son coherentes coa olería que se vén rexistrando en xacementos da Idade do Bronce do noroeste ibérico, sobre todo na zona do sur de Ourense e norte de Portugal. Con todo, eses trazos presentan así mesmo reminiscencias con outras zonas da península que non debemos descartar, como son o sur ou o sueste ibérico, cuestión interesante para explorar no futuro. Ao non dispoñer de información acerca das características da sepultura nin dos contextos concretos dos vasos, é difícil concretar demasiado a súa cronoloxía, pois os trazos destes recipientes insírense facilmente nunha tradición que ocupa un milenio, e recentes datacións en tumbas están a mostrar que as tipoloxías son útiles como punto de partida dos estudos, pero é necesario realizar análises que nos permitan concretar máis a data de deposición como se pode ver en traballos recentemente publicados (Vázquez et al. 2015 e Vázquez e Prieto, 2016).

Bibliografía

- Bettencourt, A.M.S. 2010. La Edad del Bronce en el Noroeste de la Península Ibérica: un análisis a partir de las prácticas funerarias. *Trabajos de Prehistoria* 67 (1): 139–173. DOI: 10.3989/tp.2010.10034.
- Nonat, L., Vázquez Liz, P. y Prieto Martínez, M.P. 2015. *El Vaso de Largo Bordo Horizontal. Un trazador Cultural del Noroeste de la Península Ibérica en el II Milenio BC*. Oxford, BAR Internacional Series 2699, Archaeopress.
- Prieto Martínez, M.P. y Gil Agra, D. 2011. «Fraga do Zorro: fosas y cacharros. Innovaciones en la alfarería de la necrópolis», en María Pilar Prieto Martínez y Laure Salanova (coords.), *Las Comunidades Campaniformes en Galicia. Cambios sociales en el III y II milenios BC en el NW de la Península Ibérica*, Pontevedra, pp. 139-147. Diputación de Pontevedra.
- Vázquez Liz, P., Nonat, L. y Prieto Martínez, M.P. 2015. Dynamism and complexity of the funerary models: the north-west Iberian peninsula during the 3rd–2nd millennia BC. En Prieto Martínez, M. P. y Salanova, L. (eds.), *Bell Beaker transitions. Mobility and local evolution during the 3rd millenium BC*, pp. 195- 210. Oxbow Books.
- Vázquez Liz, P. y Prieto-Martínez, M.P. 2016. El yacimiento de A Devesa de Abaixo (Pontevedra): Muerte y tradición en la Prehistoria Reciente del Noroeste de la península Ibérica. *Cuadernos de Estudios Gallegos* 129: 13-64. DOI: 10.3989/ceg.2016.129.01.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Prieto Martínez. Grupo Síncrisis.

Universidade de Santiago de Compostela

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia

XUNTA DE GALICIA